

Cómo gestionar los riesgos corporativos

F.J. LÓPEZ LUBIÁN / P. GARCÍA ESTÉVEZ
Madrid: Wolters Kluwer. 2010
[389 páxinas]

Recibido: 29 de marzo de 2010

Aceptado: 26 de xullo de 2010

A xestión dunha empresa implica asumir o obxectivo prioritario de creación de valor ao longo do tempo de maneira sostible. Nunha contorna económica cada vez máis global e interdependente, o directivo debe posuír as capacidades e as habilidades necesarias para prever, detectar, avaliar e actuar sobre as distintas situacións que se poden dar nos mercados. Esta capacidade debe emerxer esencialmente cando os factores que afectan á empresa son negativos. Así, unha adecuada xestión dos riscos empresariais é un elemento clave que diferencia as empresas, de forma que un xestor debe tratar de mitigalos para que non supoñan unha destrución de valor. Un risco controlado non ten que supoñer un aspecto negativo para unha determinada compañía.

Cómo gestionar los riesgos corporativos constitúe un manual básico para a boa práctica de xestión de riscos debido a que nel se identifican, cuantifican e analizan os elementos clave que deben substentala. O manual está dirixido fundamentalmente ao xestor do sector empresarial non financeiro, e serve de apoio á resolución de cuestións críticas para o bo funcionamento da empresa debido á proposta dunha metodoloxía para analizar os riscos operativos e financeiros.

Ao longo do primeiro capítulo analízanse e tipifícanse os compoñentes que determinan o risco, ademais de delimitar os parámetros que deben caracterizar unha adecuada xestión destes. Así, os autores fan unha clasificación atendendo aos distintos mercados: divisas, renda fixa e renda variable. Con respecto ao primeiro mercado, cómpre subliñar que a xestión do risco cambiario era ata hai ben pouco tempo unha preocupación exclusiva das grandes corporacións, pero actualmente tamén as pemes adoptaron unha posición activa na súa cobertura. En relación coa renda fixa e coa renda variable, a súa análise é imprescindible debido a que as variacións nos tipos de xuro, na liquidez, no crédito e na volatilidade e mais as características sectoriais afectarán directamente aos resultados da empresa.

No capítulo dous desenvólvese unha metodoloxía para identificar, cuantificar e controlar os principais riscos apoiándose en casos prácticos que facilitan a atención e comprensión do lector. En particular, para a súa identificación expóñense os principais aspectos operativos e financeiros que deben ser considerados tanto no curto coma no medio prazo. Os primeiros resúmense nos fluxos de caixa libre, mentres que os segundos se refiren á estrutura de capital, ás políticas de endebedamento e á apropiada remuneración de capital. Con respecto á cuantificación e control, detá-

llanse magnitudes como o apancamento operativo e financeiro e o grao de intensidade de capital.

O núcleo da análise do capítulo tres é o estudo da estrutura de capital entendida como medida de control do risco financeiro. Tomar unha decisión acerca da estrutura óptima implica ter en consideración aspectos relativos ao crecemento previsto da empresa, ao contexto económico, á madurez do mercado, etc. Así, neste capítulo oriéntase o directivo sobre o grao de apancamento que debe soportar a súa empresa para minimizar os riscos.

A continuación, o capítulo catro supón a consideración dun contexto multinacional. Cando unha empresa opera en novos mercados, faise necesario ter en conta novos factores que poden afectar ás súas decisións operativas e financeiras. Aínda que é certo que coa entrada en vigor do euro se multiplicaron as posibilidades de investimento sen risco de divisa para os países comunitarios, non é menos importante que calquera operación fóra desta área monetaria está abocada a sufrir posibles variacións de valor, tanto nas súas transaccións comerciais coma nos seus investimentos internacionais. Este problema agrávase coa actual crise económica, que non fixo máis que aumentar a necesidade de illar os riscos á hora de levar a cabo operacións no estranxeiro.

Analizados os riscos operativos e financeiros, no capítulo cinco abórdase a creación de valor focalizado no sector financeiro, onde a clave do negocio é a xestión do risco, empregando un recurso escaso como é o capital. A correcta asignación deste recurso escaso permitiralle á entidade financeira xerar rendibilidade, mentres que cunha mala asignación del estará destruindo valor. As entidades financeiras enfróntase a múltiples riscos que tenderán a minimizar, como poden ser o risco de crédito, o risco de mercado –tipo de xuro, tipo de cambio e liquidez– e os riscos operativos –fallos en controis, erros en transaccións e fallos en sistemas informáticos–.

O capítulo seis expón os riscos de mercado abordando en profundidade o risco cambiario. Logo da exposición dunha recensión histórica sobre a evolución do tipo de cambio, os autores explican as distintas teorías sobre a evolución desta variable, así como as operacións realizadas comunmente no mercado de divisas.

No capítulo sete, Lubián e García (2010) céntranse no risco de mercado de renda fixa. Deste modo analizan en profundidade a relación entre a evolución dos tipos de xuro e os prezos, a amortización anticipada por parte do emisor e a taxa de actualización.

O capítulo oito trata da medición do risco no mercado de renda variable, comezando por expoñer a relación entre rendemento e risco nestes activos. A continuación explícanse as distintas ferramentas que se utilizan para xestionar o risco de carteiras de renda variable. Unha das máis utilizadas é o Valor en Risco (VaR), que mide a máxima perda esperada unha vez prefixado un nivel de confianza e un determinado período. A influencia sectorial sobre o risco, a teoría de Sharpe, o modelo CAPM e a volatilidade do prezo das accións son aspectos que se recollen na parte final.

No último capítulo do manual desenvólvense diversas técnicas de cobertura do risco. En concreto, para cubrir os riscos de renda variable e de renda fixa, os autores explican de forma clara e directa a combinación de carteiras ou o uso de produtos derivados. Tamén se proporciona un soporte teórico fundamental para unha boa xestión das divisas e do risco nas carteiras.

Lubián e García (2010) expoñen de forma sinxela e clara a definición e a natureza básica do risco, así como a súa tipoloxía, a súa medición e a súa cobertura. Todo iso vai acompañado de breves referencias históricas para que o lector coñeza o desenvolvemento gradual das teorías expostas. Así mesmo, en cada capítulo desenvólvense unha serie de casos prácticos que facilitan a conexión entre a explicación teórica e a súa aplicación empírica. Todo iso se acompaña dunha bibliografía seleccionada especificamente para cada capítulo, que lle facilita ao lector interesado un desenvolvemento detallado dos fundamentos teóricos. En definitiva, *Cómo gestionar los riesgos corporativos* constitúe un manual imprescindible para aqueles que desexen aproximarse ao estudo da xestión de riscos nunha economía global e altamente competitiva.

ROSA VAL GERPE
Universidade de Santiago de Compostela